

## CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CUALITATIVOS EN CONTRATOS DE OBRAS

<b>1. CRITERIOS DEPENDENTES DE XUÍZO DE VALOR.....</b>	<b>3</b>
<b>1.1. CRITERIOS RELACIONADOS CO INCREMENTO DO VALOR TÉCNICO.....</b>	<b>3</b>
1.1.1. <i>Memoria descriptiva do proceso de execución</i> .....	3
1.1.2. <i>Programa de construción das obras</i> .....	5
1.1.3. <i>Plan de control de calidade da obra</i> .....	7
1.1.4. <i>Control de calidade externo</i> .....	8
1.1.5. <i>Mantemento preventivo e correctivo do edificio</i> .....	9
<b>1.2. CRITERIOS MEDIO AMBIENTAIS .....</b>	<b>10</b>
1.2.1. <i>Programa de actuacións medioambientais</i> .....	10
<b>1.3. CRITERIOS SOCIAIS E DE IMPULSO DEMOGRÁFICO .....</b>	<b>11</b>
1.3.1. <i>Memoria de prevención de riscos laborais</i> .....	11
1.3.2. <i>Adaptación do estudo de seguridade e saúde do proxecto</i> .....	11
1.3.3. <i>Medidas para o impulso demográfico</i> .....	12
<b>2. CRITERIOS NON DEPENDENTES DE XUÍZO DE VALOR .....</b>	<b>13</b>
<b>2.1. CRITERIOS RELACIONADOS CO INCREMENTO DO VALOR TÉCNICO .....</b>	<b>13</b>
2.1.1. <i>Compromiso de dedicación total do/a xefe/a de obra</i> .....	13
2.1.2. <i>Formación do/a xefe/a de obra</i> .....	13
2.1.3. <i>Experiencia do/a xefe/a de obra</i> .....	13
2.1.4. <i>Compromiso de adscrición de técnico/a para instalacións de obra</i> .....	14
2.1.5. <i>Melloras relativas a estudos complementarios e probas sobre o ben cultural</i> .....	14
2.1.6. <i>Documentación final de obra en formato BIM</i> .....	15
2.1.7. <i>Mantemento normativo do edificio</i> .....	15
2.1.8. <i>Ampliación da garantía</i> .....	16
2.1.9 <i>Actuacións para a difusión, divulgación e sinalización dos traballos</i> .....	16
2.1.10. <i>Compromiso de execución dos servizos afectados (PSA)</i> .....	16
2.1.11. <i>Compromiso de execución dos traballos de arqueoloxía (PTA)</i> .....	17
2.1.12. <i>Compromiso de incremento de gastos de ensaios (PMC)</i> .....	17
2.1.13. <i>Compromiso de posta á disposición dos equipos completos de estendido fresado e de transferencia</i> .....	17
<b>2.2. CRITERIOS MEDIOAMBIENTAIS .....</b>	<b>18</b>
2.2.1. <i>Distancia de transporte do material excedentario e non reutilizable da obra</i> .....	18
2.2.2. <i>Asignación á xefatura de obra dun vehículo dotado de tecnoloxías tendentes á redución do nivel de emisións</i> .....	18

2.2.3. <i>Certificación medioambiental</i> .....	19
2.2.4. <i>Redución da pegada de carbono</i> .....	19
2.2.5. <i>Establecemento de medidas para paliar a pegada de carbono</i> .....	19
2.2.6 <i>Dispoñibilidade de planta de fabricación de mestura bituminosa en quente a menos de 100 km</i> .....	19
<b>2.3. CRITERIOS SOCIAIS E DE IMPULSO DEMOGRÁFICO</b> .....	20
2.3.1. <b>Volume da man de obra que se utilizará na execución do contrato</b> .....	20
2.3.2. <b>Criterios en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade</b> .....	20
<b>3. CADRO DE PARTICULARIDADES</b> .....	22
3.1. <b>PARTICULARIDADES EN EDIFICACIÓN EN CENTROS EDUCATIVOS</b> .....	22
3.2. <b>PARTICULARIDADES EN EDIFICACIÓN EN CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS</b> .....	23
3.3. <b>PARTICULARIDADES EN OBRAS EN BENS CULTURAI</b> S.....	24

## 1. CRITERIOS DEPENDENTES DE XUÍZO DE VALOR

### 1.1. CRITERIOS RELACIONADOS CO INCREMENTO DO VALOR TÉCNICO

#### 1.1.1. Memoria descriptiva do proceso de execución

##### A) Redacción da cláusula para contratos de obra civil

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

A memoria descriptiva servirá para explicitar as bases en que se fundamenta o programa de traballo.

Comezarase cunha avaliación da concepción global do proxecto, as técnicas construtivas, procedementos de execución e calidades propostas, así como das problemáticas de execución mediante unha análise técnica da execución da obra e sinalará aqueles aspectos que revistan unha especial complexidade na execución ou que requiran técnicas especiais na súa realización.

Descríbanse os procesos de execución das actividades importantes da obra e reflectirá un enfoque e formulación correctos e realistas do conxunto da obra, tanto na súa planificación territorial como temporal, todo isto en coherencia cos medios propostos.

No que se refire ás unidades complexas (estruturas, túneles, etc.), a memoria conterá unha análise completa do proceso de realización.

A memoria deberá conter, como mínimo:

- Análise do proxecto e da metodoloxía de execución
- Problemáticas da execución
- Fichas de dimensionamento dos equipos de traballo participantes
- A relación das fontes de subministración de materiais e, se é o caso, a súa validación.
- A análise das necesidades de almacenamentos e de instalacións auxiliares
- O estudo dos medios de transporte e das plantas de produción de materiais
- A análise dos condicionantes existentes (externos e climatolóxicos)
- Desvíos provisionais e reposicións de servizos coas súas medidas de sinalización e seguridade previstas
- As zonas previstas para préstamos e vertedoiros

- A relación das unidades ou partes da obra que realizará mediante subcontratación. Para os efectos establecidos no artigo 215.2 da LCSP, o licitador non está obrigado a concretar o nome ou o perfil empresarial do subcontratista ou subcontratistas propostos

Con este apartado analízase a metodoloxía dos traballos para comprobar o coñecemento das actividades que se deben realizar, en coherencia cos medios propostos, os prazos ofertados e os investimentos realizados. Esta memoria analiza o obxecto, as problemáticas, os condicionantes existentes, as fontes de subministración, as solucións propostas e o desenvolvemento dos traballos que configuren unha oferta consistente. Todo isto permite avaliar que as obras se executen coas técnicas e procedementos necesarios e avaliar o nivel de cada licitador para desenvolver e garantir a calidade destas, en función de identificación e problemáticas de procedementos e unidades, o seu detalle e a súa coherencia.

### *B) Redacción da cláusula para contratos de edificación*

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

O licitador achegará unha memoria descritiva do proceso de execución na que fará unha análise da proposta que oferta, co seguinte contido:

- **Condicionantes da localización**

O licitador achegará unha análise dos condicionantes relativos á localización que poidan condicionar o desenvolvemento da obra.

A modo de relación non exhaustiva, avaliaranse: o coñecemento real da zona onde se sitúan as obras, o coñecemento das actuacións previas necesarias para o inicio da obra, os condicionantes topográficos e xeotécnicos, a localización de puntos de conexión e subministración de infraestruturas, o estudo de acometidas provisionais e definitivas, a previsión de accesos á obra e circulación de vehículos e persoas, as posibles interferencias cos accesos e vías de circulación actuais, os desvíos provisionais, traslados e reposicións de servizos afectados coas súas medidas de sinalización e seguridade previstas, a avaliación das necesidades de espazo para provisionais de almacenamento e instalacións auxiliares, a necesidade de horarios de traballo especiais ou adaptados aos requirimentos da actuación, etc.

Non se valorarán as análises xenéricas que non se adapten aos condicionantes concretos da obra.

- **Análise do proxecto e da metodoloxía da execución**

O licitador achegará unha análise do proxecto e da metodoloxía de execución que pretende empregar, e centrarase nos aspectos específicos que poidan condicionar o desenvolvemento da obra, e nas incidencias que detecte, se é o caso.

No que se refire ás unidades complexas que se poidan detectar no proxecto, en capítulos como a cimentación, a estrutura, as instalacións ou onde o licitador

considere que a execución das obras proxectadas pode presentar unha complexidade maior, a memoria descritiva conterá unha análise máis completa, e concretará os procesos de execución que pretende levar a cabo.

Avaliaranse a concepción global do proxecto, as técnicas construtivas, os procesos de execución e as calidades propostas, ademais das propostas ou solucións ás incidencias detectadas no estudo do proxecto.

Non se valorarán as análises xenéricas que non se adapten ao proxecto e á metodoloxía concretas de execución da obra.

Con esta documentación avaliarase a metodoloxía dos traballos que se deben executar, tentando comprobar o coñecemento real, da zona, das actividades a realizar, en coherencia cos medios propostos, os prazos ofertados e os investimentos realizados. Esta memoria analiza o obxecto, as problemáticas, os condicionantes existentes e o desenvolvemento dos traballos que configuren unha oferta consistente. Todo isto permite avaliar que as obras se executen coas técnicas e o procedemento necesarios, e avaliar o nivel de cada licitador para desenvolver e garantir a calidade destas, en función da identificación de procedementos e problemáticas, o seu detalle e a súa coherencia.

Este apartado desenvolverase nun máximo de 20 páxinas en formato DIN-A4, cun tamaño de fonte non inferior a 10 e cun entreliñado sinxelo. No número máximo de páxinas considéranse incluídos, ademais do texto correspondente, os anexos, planos e/ou gráficos que o complementen. Os planos e gráficos poderán desenvolverse, co obxecto de seren facilmente lexibles e interpretables, nun formato maior a DIN A4. Non se avaliará aquela documentación que exceda do número máximo de páxinas indicado, avaliaráanse unicamente as primeiras páxinas ata o límite establecido polo apartado.

### **1.1.2. Programa de construción das obras**

#### *A) Redacción da cláusula para contratos de obra civil*

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

O licitador debe presentar un programa de construción que asegure a execución das obras no prazo proposto, ao mesmo tempo que realice unha distribución de anualidades contractuais respectuosas coas establecidas no cadro de características do prego, agás naqueles supostos en que de xeito xustificado poida variarse a dita distribución sen vulnerar a normativa orzamentaria en materia de contratación.

O programa deberá ser redactado de acordo coas seguintes instrucións:

O licitador realizará unha planificación da obra, tendo en conta os equipos humanos e materiais ofertados adscritos a cada unha das actividades descritas na memoria, e debe xustificar os rendementos medios previstos que garantan o prazo ofertado. En concreto, o licitador facilitará a información seguinte:

- Diagrama de Gantt no que se desenvolvan as unidades de obra e con indicación das actividades que condicionan dita obra ao derivarse de actividades críticas.

- Diagrama espazos – tempo en obras de tipo lineal.
- Os investimentos mensuais previstos.

Esta documentación poderá ser completada con toda a información gráfica que o licitador considere oportuna.

Con esta documentación poderá avaliarse que o cronograma das obras resulta coherente coa memoria das actividades que se deben desenvolver, os medios dedicados a cada unha de elas, os prazos parciais, os investimentos así como a definición do camiño crítico que, en conxunto, permita explicar o prazo de execución total ofertado. Toda esta información permite establecer o nivel de concreción de cada licitador para garantir a execución das obras nos prazos establecidos, de forma que estes sexan realistas e axeitados os medios que dispón para a execución do contrato, a través do seu nivel de identificación de actividades, detalle e coherencia.

A oferta económica do licitador non poderá deducirse en ningún caso do programa de traballos, de tal xeito que se garanta que ela non se coñecerá ata a apertura do arquivo electrónico C ou sobre C. Desta maneira, respéctase o indicado no artigo 139.2 da LCSP no que se refire ao segredo das proposicións.

#### *B) Redacción da cláusula para contratos de edificación*

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

O licitador debe presentar un programa de construción que asegure a execución das obras no prazo proposto, ao mesmo tempo que realice unha distribución de anualidades contractuais respectuosas coas establecidas no cadro de características do prego, agás naqueles supostos en que de xeito xustifico poida variarse a dita distribución sen vulnerar a normativa orzamentaria en materia de contratación. O prazo proposto non poderá minorar o prazo estimado pola Administración, de acordo co cadro de características deste prego. Aquelas ofertas cuxos programas de execución modifiquen o prazo sinalado no cadro de características serán rexeitadas, salvo que se estableza unha previsión ao respecto no prego de cláusulas administrativas particulares ou no cadro de características.

Achegarase un diagrama de Gantt valorado no que se indicarán: as principais actividades que compoñen o proxecto, o seu importe segundo o proxecto, as datas de inicio e de fin e a duración prevista para cada actividade, as prelacións entre actividades e o camiño crítico da obra. Empregarase unha escala semanal. Indicaranse, para cada mes, os investimentos mensuais previstos tomando como base económica o orzamento estimado para a licitación máis o IVE aplicable (orzamento base de licitación).

Incluirase unha pequena memoria na que se indiquen os puntos conflictivos detectados e se definan medidas para a atenuación de posibles atrasos.

Con esta documentación avaliarase que o programa das obras resulta coherente coa memoria das actividades base que se deben desenvolver, cos prazos parciais, cos límites e folgoras previstas, cos investimentos achegados así como coa definición do camiño crítico e a adopción de medidas para a súa atenuación, se é o caso, de tal xeito que todo

o conxunto permita explicar o prazo de execución total ofertado. Toda esta información permite establecer o nivel de concreción de cada licitador para garantir a execución das obras nos prazos establecidos, de forma que estes sexan realistas e axeitados para a execución do contrato, a través do seu nivel de identificación de actividades, detalle e coherencia.

A oferta económica do licitador non poderá deducirse en ningún caso do programa de traballos, de tal xeito que se garanta que ela non se coñecerá ata a apertura do arquivo electrónico C ou sobre C. Desta maneira, respéctase o indicado no artigo 145.2 do TRLCSP no que se refire ao segredo das proposicións.

No caso de achegarse memoria, esta desenvolverase nun máximo de 4 páxinas en formato DIN-A4, cun tamaño de fonte non inferior a 10 e cun entreliñado sinxelo O diagrama de Gantt desenvolverase, co obxecto de ser facilmente lexible e interpretable, nun formato maior a DIN A4 e non computará no total de páxinas indicado, sempre que respecte o contido indicado. Non se avaliará aquela documentación que exceda do número máximo de páxinas indicado, e avaliaráanse unicamente as primeiras páxinas ata o límite establecido polo apartado.

### **1.1.3. Plan de control de calidade da obra**

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

O contratista definirá as medidas que propón para controlar e garantir, pola súa parte, a calidade dos traballos. Este autocontrol que oferta a empresa, pola súa conta, é independente do importe (ata o 1 % do orzamento da obra, segundo a cláusula 38 do prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación de obras do Estado aprobado polo Decreto 3854/1970, do 31 de decembro), destinado a verificar os ensaios e a análise de materiais e unidades de obra que en cada caso resulten pertinentes e que terán a consideración de probas de contraste e produto final que a dirección de obra realizará cando considere oportuno e que non é obxecto de puntuación.

Neste apartado deberase achegar un plan de control de calidade específico para a obra que incluírá, como mínimo, o seguinte:

- Aspectos concretos das unidades de obra a controlar durante a execución dos traballos e norma técnica aplicable.
- Criterios de mostraxe técnica e de aceptación e rexeitamento.

O plan de control de calidade ofertado deberá concretar todos os seus aspectos cuantitativos e cualitativos e a empresa deberá mantelo durante a execución das obras (sen prexuízo das variacións que resulten necesarias de conformidade co indicado polo director da obra durante a execución do contrato). Así mesmo incluíra unha valoración económica do mesmo, que pode presentarse como unha porcentaxe sobre o orzamento de execución material da licitación ou en unidades monetarias, pero sen que a oferta económica do licitador poida deducirse en ningún caso, de tal xeito que se garanta que ela non se coñecerá ata a apertura da proposición económica, respectándose o indicado no artigo 139.2 do LCSP no que se refire ao segredo das proposicións.

O plan de control de calidade que a empresa oferta permitirá comprobar a súa idoneidade e garantir o resultado satisfactorio das obras realizadas. Deste xeito, estudarás os aspectos concretos que se deben controlar e que os criterios de mostraxe sexan axeitados e proporcionais ao tipo de obra que se debe executar. O control de calidade permite avaliar o nivel de execución das unidades de obra segundo os parámetros estatísticos definidos nas normas técnicas e o nivel de mostraxe que oferte o contratista e, polo tanto, un maior nivel de garantía da obra que se debe construír, en función do plan que presente cada contratista, o seu detalle, coherencia e criterios utilizados.

#### **1.1.4. Control de calidade externo**

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

O licitador achegará un plan de control de calidade externo, realizado por unha entidade de control de calidade, non vinculada á empresa licitadora, valorado e específico para a obra obxecto deste prego.

Este plan recollerá a listaxe das unidades e actividades de obra que serán obxecto do plan de control cuantificándoas e valorándoas, facendo especial fincapé na existencia dun programa de actuacións e ensaios, nas probas finais das instalacións, na planificación dos informes periódicos de seguimento que se achegarán cos da dirección facultativa. A valoración económica do plan presentarase como unha porcentaxe sobre o orzamento base de licitación da licitación e en unidades monetarias, pero sen que a oferta económica do licitador poida deducirse en ningún caso, de tal xeito que se garanta que a mesma non se coñecerá ata a apertura do arquivo electrónico C ou sobre C. A empresa deberá manter o importe do plan proposto durante a execución das obras.

A empresa deberá manter o plan durante a execución das obras, sen prexuízo das variacións que resulten necesarias co fin de adaptarse ás distintas necesidades, vicisitudes e/ou modificacións da obra de conformidade co indicado pola dirección facultativa durante a execución do contrato, respectándose en último termo o importe ofertado. Cando se introduzan variacións no plan ofertado pola empresa, as modificacións de prezos faranse tomando como base os prezos de mercado solicitados a entidades de control de calidade ou os publicados pola Asociación de Laboratorios Acreditados de Galicia, axustándose en todo caso ao importe total ofertado pola empresa adxudicataria das obras.

O plan de control de calidade que a empresa oferte permitirá comprobar a súa idoneidade e garantir o resultado satisfactorio das obras realizadas. Avaliarase que os aspectos concretos que se deben controlar e os criterios de mostraxe sexan axeitados, coherentes e proporcionais ao tipo de obra que se debe executar.

Este apartado desenvolverase nun máximo de 12 páxinas en formato DIN-A4, cun tamaño de fonte non inferior a 10 e cun entreliñado sinxelo. No número máximo de páxinas considéranse incluídos, ademais do texto correspondente, os anexos, planos e/ou gráficos que o complementen. Os planos e gráficos poderán desenvolverse, co obxecto de seren facilmente lexibles e interpretables, nun formato maior a DIN A4. Non se avaliará aquela documentación que exceda do número máximo de páxinas indicado, avaliando unicamente as primeiras páxinas ata o límite establecido polo apartado.

### **1.1.5. Mantemento preventivo e correctivo do edificio**

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

O licitador incluíra un plan de mantemento do edificio, que se compromete a acometer desde a data de recepción da obra ata que remate o prazo de garantía das obras sinalado no cadro de características. Este plan incluíra, en apartados diferenciados:

- **Mantemento preventivo.** Seguindo a orde de capítulos do proxecto, incluíra un programa no que se definan: a relación dos elementos que abrangue, as actuacións previstas para cada elemento, os medios humanos e materiais previstos para cada actuación e a periodicidade de cada actuación. Non se incluírán neste apartado as operacións de mantemento obrigatorias polas distintas disposicións normativas sectoriais vixentes, que serán obxecto de valoración noutro apartado.
- **Mantemento correctivo.** Incluíra a definición dos arranxos paliativos e reparacións que asumirá o licitador dende a data de recepción das obras ata que remate o prazo de garantía das obras. Indicarase o protocolo de actuación previsto en caso de avarías ou funcionamento deficiente nalgún elemento do edificio, os prazos de resposta e os medios humanos e materiais previstos, especificando os materiais de reposición que se inclúen sen custo, de ser o caso, co obxecto de ter perfectamente informado ao propietario do inmovible.

Non se valorarán plans de mantemento xenérico que non se adapten aos elementos, sistemas construtivos e instalacións do edificio, nin se terán en conta aquelas operacións que se prevexan fóra do prazo de garantía das obras nin outros tipos de mantemento diferentes dos sinalados (incluído o mantemento obrigatorio por normativa). En todo caso, non serán obxecto de valoración todas aquelas prestacións e actuacións que establece o LCSP e os regulamentos de desenvolvemento como obrigas do adxudicatario durante o período de garantía.

Este plan de mantemento que oferte o licitador será obrigatorio dende que se asine a acta de recepción das obras e ata que finalice o prazo de garantía. Así mesmo, de todas as operacións que se fagan deixarase constancia por escrito e debidamente asinadas polo contratista; documentación que será remitida á Administración cando así lle sexa requirido.

Este apartado desenvolverase nun máximo de 15 páxinas en formato DIN-A4, cun tamaño de fonte non inferior a 10 e cun entreliñado sinxelo. No número máximo de páxinas considéranse incluídos, ademais do texto correspondente, os anexos, planos e/ou gráficos que o complementen. Os planos e gráficos poderán desenvolverse, co obxecto de seren facilmente lexibles e interpretables, nun formato maior a DIN A4. Non se avaliará aquela documentación que exceda do número de páxinas máximo indicado, avaliando unicamente as primeiras páxinas ata o límite establecido polo apartado.

## 1.2. CRITERIOS MEDIO AMBIENTAIS

### 1.2.1. Programa de actuacións medioambientais

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

Presentaranse:

Esquema do Plan de Xestión Medioambiental, que deberá redactar o licitador e que deberá conter unha memoria que recolla un análise do proxecto dende o punto de vista ambiental, destacando os puntos que esixen unha atención especial segundo o criterio do licitador.

Valoraranse:

- A identificación das unidades de obra e/ou dos procesos construtivos que poidan xerar impactos, de acordo co Programa de Vixilancia Ambiental e a preceptiva DIA nos supostos de obras que deban dispoñer da preceptiva declaración, así como as medidas adoptadas para a súa eliminación, diminución ou corrección e a dispoñibilidade de instrucións de traballo (indicarase unicamente o seu título e contido esencial)

- A organización física da obra (trazado de camiños e acceso, asentamento de andares, parques de maquinaria).

- O emprego de materiais, con certificados de explotación sostibles reciclables.....

-O emprego de materiais reciclados.....

- A localización de vertedoiros.....

-A estimación de tipos e cantidades de residuos producidos, identificados polo seu código LER, segundo o establecido na Lista Europea de Residuos e os destinos autorizados para a recepción de cada un deles.....

- A avaliación de impactos no medio e posibles propostas de minimización, en concreto deberán incluírse, entre outras, medidas de redución e compensación de emisións de gases de efecto invernadoiro.....

- A identificación de requisitos legais ambientais que sexan de aplicación para a execución da obra dende o punto de vista europeo, estatal e autonómico.

No caso de que se admitan variantes, cada licitador poderá presentar ademais unha solución variante que se determinará no cadro de características e nos elementos e condicións que se sinalen.

Non se valorarán as memorias xenéricas que non se adapten ás particularidades da obra e da súa contorna. Incluiranse os planos necesarios para definir claramente a organización física da obra dende o punto de vista medioambiental.

A información achegada por cada licitador permitirá avaliar as técnicas e procedementos de cada empresa que redunden nunha execución de obras que respecte as condicións ambientais do contorno garantindo un resultado final máis compatible co medio ambiente, identificando as unidades de obra e procesos construtivos que se deben executar e as medidas que se deben desenvolver para minimizar ou eliminar os impactos, en función do nivel de definición e identificación de procedementos, o seu detalle e a súa coherencia.

Este documento terá unha extensión máxima de 7 páxinas por unha cara en formato DIN A4, nun tamaño de fonte non inferior ao equivalente ao 9 do tipo de fonte Arial.

### **1.3. CRITERIOS SOCIAIS E DE IMPULSO DEMOGRÁFICO**

#### ***1.3.1. Memoria de prevención de riscos laborais***

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

O contratista achegará neste apartado unha relación de medidas que se disporán ao longo da execución da obra en relación coa prevención de riscos laborais, tanto no relativo a medidas de protección pasiva e activa, como no tocante a actividades que se desenvolverán ao longo da obra para minimizar os riscos laborais.

Especificamente nesta memoria indícarase:

- A implantación de sistemas de participación dos traballadores (persoal do contratista e subcontratistas) na prevención de riscos laborais na obra.
- Os canais de información e formación dos traballadores (persoal do contratista e subcontratistas) da obra.
- A adaptación do estudo de seguridade e saúde do proxecto ao proceso construtivo ofertado polo licitador, propoñendo as melloras que se consideren convenientes; análise das posibles situacións de emerxencia: medidas a adoptar.
- A organización do seguimento da obra: organización da prevención e seguridade na obra, coordinación con subcontratistas e traballadores autónomos.

A dita memoria especificará como se inclúe a perspectiva de xénero nos elementos que integran o plan de prevención de riscos laborais.

#### ***1.3.2. Adaptación do estudo de seguridade e saúde do proxecto***

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

O licitador achegará unha memoria na que exporá a adaptación do estudo de seguridade e saúde do proxecto ao proceso construtivo que oferta, propoñendo as melloras que considere convenientes. Non se valorarán as memorias xenéricas que non se adapten aos condicionantes físicos da obra, ás partidas previstas e ás particularidades da execución. Inclúense os planos necesarios para definir claramente a organización e as medidas de protección previstas, tanto na fase de implantación como nas principais fases de

execución da obra (escavación, cimentación, estrutura, cuberta...). Non se valorarán planos con detalles xenéricos de medidas de protección.

A dita memoria especificará como se inclúe a perspectiva de xénero nos elementos que integran o plan de prevención de riscos laborais.

Este apartado desenvolverase nun máximo de 10 páxinas en formato DIN-A4, cun tamaño de fonte non inferior a 10 e cun entreliñado sinxelo. No número máximo de páxinas considéranse incluídos, ademais do texto correspondente, os anexos, planos e/ou gráficos que o complementen. Os planos e gráficos poderán desenvolverse, co obxecto de seren facilmente lexibles e interpretables, nun formato maior a DIN A4. Non se avaliará aquela documentación que exceda do número máximo de páxinas indicado, avaliando unicamente as primeiras páxinas ata o límite establecido polo apartado.

### ***1.3.3. Medidas para o impulso demográfico***

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

O licitador presentará unha memoria na que se recollan todas as medidas en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, así como en materia de corresponsabilidade, que serán aplicables para o persoal que interveña na execución do contrato.

A dita memoria recollerá as medidas específicas para o desenvolvemento das prestacións obxecto do contrato que se articularán ao redor dos seguintes eixos:

- Medidas de flexibilidade espacial.
- Medidas de flexibilidade temporal.
- Melloras dos permisos legalmente establecidos.
- Beneficios sociais para a atención das responsabilidades familiares.

Valoraranse todas esas medidas que se apliquen vinculadas ao obxecto do contrato e non respondan a unha obriga legal pola normativa sectorial que corresponda. Así mesmo, cando as medidas estean incluídas dentro dun plan de igualdade, un plan de conciliación, no convenio colectivo de aplicación, en acordos ou pactos co persoal ou calquera outro instrumento xurídico equivalente, deberán recollese neste apartado todas aquelas medidas que sexan de aplicación, así como outras distintas que se considere oportuno implementar pola súa vinculación ao contrato, para o persoal que intervéñ na súa execución.

## 2. CRITERIOS NON DEPENDENTES DE XUÍZO DE VALOR

### 2.1. CRITERIOS RELACIONADOS CO INCREMENTO DO VALOR TÉCNICO

#### 2.1.1. *Compromiso de dedicación total do/a xefe/a de obra*

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

Outorgarase a máxima puntuación ao licitador que se comprometa a adscribir con dedicación total (dedicación do 100 % da xornada laboral) ao xefe de obra. En caso contrario, a puntuación será nula (0 puntos). No caso de que este apartado non fose indicado polo licitador, entenderase que non existe o citado compromiso e a puntuación será nula.

#### 2.1.2. *Formación do/a xefe/a de obra*

Valorarase ata un máximo de XX puntos a formación do/a xefe/a de obra proposto.

O licitador debe incluír a identificación dos cursos e achegar a copia das titulacións dos cursos a valorar.

A puntuación máxima que se outorgará será de XX puntos.

Valoraranse:

- Cursos de posgrao, doutoramento ou especialización en materia de:..... ata XX puntos.
- Realización dun (1) máster de especialización en : ..... ata XX puntos.
- Cursos de especialización nalgũa materia construtiva relacionada cos traballos que son obxecto do contrato ou as funcións de xefe de obra, igual ou superior a 100 horas lectivas:.....ata XX puntos.

#### 2.1.3. *Experiencia do/a xefe/a de obra*

Valorarase ata un máximo de XX puntos a experiencia do/a xefe/a de obra proposto durante toda a execución da obra

Valoraranse as obras realizadas nos últimos 10 anos como xefe/a de obra en intervencións de conservación ou restauración de inmobles protexidos legalmente polo seu valor cultural, por riba dos mínimos esixidos no compromiso de medios, cun máximo de XX puntos e segundo a seguinte ponderación:

Para que se valoren as obras executadas como xefe/a de obra de intervencións de conservación ou restauración de inmobles protexidos legalmente polo seu valor cultural, é preciso que se inclúan e acrediten os seguintes datos:

1. Identificación da intervención e breve descrición que indique os elementos sobre os que se actúa.

2. Ben protexido e protección legal (achegando a referencia do catálogo do texto legal que o identifique).
3. Identificación do promotor.
4. Orzamento de execución material (OEM) final da obra realmente executada.
5. Data de remate das obras.

#### **2.1.4. Compromiso de adscrición de técnico/a para instalacións de obra**

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

Outorgarase a máxima puntuación ao licitador que se comprometa a adscribir ao equipo de obra un técnico para o control e seguimento dos traballos de execución de instalacións de obra coa titulación de enxeñeiro, enxeñeiro técnico ou titulación de grao equivalente. En caso contrario, a puntuación será nula (0 puntos). No caso de que este apartado non fose indicado polo licitador, entenderase que non existe o citado compromiso e a puntuación será nula.

Este técnico contará coa experiencia suficiente, para o que deberá ter participado, desempeñando a mesma función, nunha obra de edificación que conte con instalacións similares ás da obra obxecto da licitación, cun orzamento de contrata (IVE excluído) superior ao 60 % do proxecto da licitación (IVE excluído), e deberá garantirse a súa presenza física na obra para realizar a súa función de seguimento e control en función do desenvolvemento das obras e, en todo caso, cando a dirección de obra ou o responsable do contrato así o requira.

#### **2.1.5. Melloras relativas a estudos complementarios e probas sobre o ben cultural**

Valorarase ata un máximo de XX puntos a oferta de execución dalgunha das melloras relativas a estudos complementarios e probas para completar datos sobre o ben cultural sobre o que se actúa realizados por especialistas na materia específica de que se trate, sempre que non impliquen unha alteración dos traballos previstos nin o incremento do orzamento (puntuaranse 5 melloras como máximo).

Só se terán en conta e obterán puntuación as propostas de melloras indicadas polo licitador na correspondente declaración responsable sempre e cando: se especifique a actuación concreta que vai realizar na obra e relacionada co obxecto do contrato que teña encaixe nesta relación e, asemade, especifiquen o perfil concreto e axeitado da persoa especialista (titulación/especialidade) que propón para realizar cada traballo.

- Actualización e/ou mellora da definición xeométrica e construtiva do edificio, relacionada coas actuacións da obra (ao resultar accesibles elementos ocultos ou pola dispoñibilidade de medios auxiliares).
- Datación de morteiros, madeiras, pinturas e outros materiais.
- Caracterizacións de materiais xilófagos, fungos, liques, colonizacións biolóxicas (...).

- Estudos históricos artísticos, complementarios do proxecto que acheguen datos relevantes para fundamentar decisións durante a execución da obra.
- Informes relativos a avaliacións estruturais complementarios do proxecto.
- Estudos arqueolóxicos e/ou construtivos complementarios do proxecto.
- Avaliacións de condicións higrotérmicas do edificio (envolvente, paramentos e/ou ambientais).
- Tratamentos de urxencia en elementos artísticos do edificio (pinturas murais, retablos, elementos escultóricos pétreos...) de carácter preventivo para garantir a súa conservación e que sexa conveniente realizar pola súa relación co proceso de execución.

A fórmula de ponderación é a seguinte:

XX

#### ***2.1.6. Documentación final de obra en formato BIM***

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

Outorgarase a máxima puntuación ao licitador que se comprometa a elaborar a documentación final de obra (modelo "as built" do edificio construído) en formato BIM, debendo conter como mínimo a seguinte documentación:

- Archivos en formato nativo do programa utilizado para o modelado.
- Archivos en formato de intercambio estándar IFC 4.
- Información contida no modelo en formato COBie (BS 1192-4) utilizando a clasificación Uniclass 2015.

No caso de que este apartado non fose indicado polo licitador, entenderase que non existe o citado compromiso e a puntuación será nula.

Esta documentación será entregada nun período máximo de 3 meses dende a data de sinatura da acta de recepción e, en todo caso, non se tramitará a medición final de obra se esta documentación non foi entregada con anterioridade.

#### ***2.1.7. Mantemento normativo do edificio***

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

Outorgarase a máxima puntuación ao licitador que se comprometa a asumir durante o período de garantía todas as operacións de mantemento obrigatorias que establezan as distintas disposicións normativas, vixentes ou que entren en vigor con posterioridade á data de licitación do contrato, en todos os ámbitos e sectores de aplicación, incluíndo o custo da realización das inspeccións obrigatorias e de emisión dos certificados correspondentes por parte dos organismos autorizados e as condicións ambientais e de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro.

En caso contrario, ou no caso de que este apartado non fose indicado polo licitador, entenderase que non existe o citado compromiso e a puntuación será nula (0 puntos).

### **2.1.8. Ampliación da garantía**

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

Valorarase de forma proporcional ao número de meses ofertado de ampliación, ata un máximo de 24 meses.

### **2.1.9 Actuacións para a difusión, divulgación e sinalización dos traballos**

Valoraranse ata un máximo de XX puntos as seguintes actuacións de difusión e divulgación:

- Blog, páxina web ou perfil en redes sociais, exclusivo para a actuación, no que se inclúan imaxes e/ou vídeos así como información actualizada que permitan seguir polo público en xeral os traballos de restauración do ben con fins científicos, divulgativos e culturais, segundo a seguinte fórmula de ponderación, e cun máximo de XX puntos.

Fórmula ponderación:

- Xornadas de difusión da intervención, nas que se expliquen os traballos que se están desenvolvendo, nas que o licitador tamén deberá contar coa dirección facultativa e nas que se inclúa unha visita guiada á obra -que se comunicará mediante unha nota de prensa- coa finalidade de dar a coñecer ao público en xeral o ben cultural e a actuación realizada segundo a seguinte fórmula de ponderación, e cun máximo de XX puntos.

Fórmula ponderación:

- Paneis de divulgación da intervención, situados no ámbito da obra, en soporte semirríxido de tamaño A2 como mínimo, nos que se describa o edificio no que se actúa, os traballos que se van desenvolver, así como o estado final previsto, que sirvan de apoio á visita cultural ao ben durante o transcurso das obras segundo a seguinte fórmula de ponderación, e cun máximo de XX puntos.

Fórmula ponderación:

### **2.1.10. Compromiso de execución dos servizos afectados (PSA)**

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

Asignarase a máxima puntuación ao licitador que se comprometa a executar, á súa costa, todas as modificacións dos servizos afectados (detectados, non detectados e as súas modificacións), coa conformidade do titular do servizo e asumindo calquera diferenza que, eventualmente, poida impoñer o titular do servizo por normativa ou por outra causa.

Asignarase 0 puntos á oferta que non se comprometa ao establecido no parágrafo anterior. Este compromiso terá como límite o 2,5 % do prezo inicial do contrato, IVE excluído, coa condición de que o importe de servizos afectados, unha vez modificados, sexa superior ao prezo inicial do proxecto.

#### **2.1.11. Compromiso de execución dos traballos de arqueoloxía ( PTA)**

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

Asignarase a máxima puntuación ao licitador que se comprometa a executar, á súa custa, todos os traballos de arqueoloxía (detectados, non detectados e as súas modificacións), coa conformidade dos servizos competentes da Comunidade Autónoma e asumindo calquera diferenza que eventualmente se poida producir por esixencias do servizo competente da Comunidade Autónoma, por normativa ou por outra causa.

Asignarase 0 puntos á oferta que non se comprometa ao establecido no punto anterior. Este compromiso terá como límite o 2,5 % do prezo inicial do contrato IVE excluído, coa condición de que o importe de traballos de arqueoloxía, unha vez modificados, sexa superior ao prezo inicial do proxecto.

#### **2.1.12. Compromiso de incremento de gastos de ensaios ( PMC)**

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

Asignarase a máxima puntuación ao licitador que se comprometa a realizar, á súa custa, ensaios e análises de materiais e unidades de obra, conforme á cláusula 38 de PCAG, polo 2 % ou máis do prezo da obra (orzamento de execución material aplicando o coeficiente de adxudicación).

Asignarase 0 puntos ao licitador cuxa oferta que non se comprometa por encima do 1 %.

Para o resto de licitadores, asignarase a puntuación por interpolación lineal entre cero (0) puntos para unha oferta que non se comprometa por encima do 1 % e a PMCmax para unha oferta que se comprometa co 2 %.

#### **2.1.13. Compromiso de posta á disposición dos equipos completos de estendido fresado e de transferencia**

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

Asignarase a máxima puntuación ao licitador que presente un compromiso fidedigno de posta á disposición, na data de presentación da oferta, durante toda a execución da obra, de dous equipos completos de estendido, un de fresado e equipo de transferencia.

O equipo de estendido estará composto por:

- Estendedora con sistema de nivelación automático, regra de estendido con ancho mínimo de 2,5 m, con potencia igual ou superior a 110 cabalos.

- Compactador de pneumáticos de polo menos 7 rodas e 3000 kg de peso por roda.
- 1 rodete de lamia metálica con sistema de vibración e polo menos 9 T de peso total.
- 1 cisterna de emulsión con rampla de rega para a extensión da rega de adherencia.

O equipo de fresado, por: 1 fresadora de ancho de traballo mínima de 1,90 m.

O equipo de transferencia, por: 1 equipo de transferencia de mestura bituminosa, que asegure a súa remezclado, rehomogeneización antes da descarga á estendedora.

Asignaranse 0 puntos á oferta que non se comprometa ao establecido no punto anterior.

## **2.2. CRITERIOS MEDIOAMBIENTAIS**

### **2.2.1. Distancia de transporte do material excedentario e non reutilizable da obra**

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

Baremo:

Entre 0 e X km XX puntos

Entre X e Y km XX punto

Considerarase o punto XX (indicar coordenadas edificación ou punto quilométrico da estrada) como orixe do material excedentario. Deberase achegar compromiso de aceptación polo xestor ou xestor autorizado.

### **2.2.2. Asignación á xefatura de obra dun vehículo dotado de tecnoloxías tendentes á redución do nivel de emisións**

Valorarase ata un máximo de XX puntos a asignación á xefatura de obra dun vehículo dotado de tecnoloxías tendentes á redución do nivel de emisións, para o seu uso durante a duración do contrato

Baremo:

Vehículo con distintivo ambiental "0 emisións" XX puntos

Vehículo con distintivo ambiental "ECO" XX puntos

Para a súa valoración achegarase carta de compromiso, sinalando o modelo e as características técnicas que permitan coñecer o seu distintivo ambiental, sinalando explicitamente que o custo da medida corre por conta da empresa contratista.

### **2.2.3. Certificación medioambiental**

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

Outorgarase a máxima puntuación ao licitador que se comprometa a desenvolver a avaliación e certificación medioambiental da obra mediante certificado BREEAM, LEED ou equivalente, asumindo todos os custos ata a obtención do certificado final. En caso contrario, a puntuación será nula (0 puntos)

No caso de que este apartado non fose indicado polo licitador, entenderase que non existe o citado compromiso e a puntuación será nula.

### **2.2.4. Redución da pegada de carbono**

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto na Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, valorarase compromiso do adxudicatario de adquirir ata un 10 % dos materiais da obra en almacéns ou subministradores situados no radio de XX km (nunca inferior a 100 km), contados dende a localización da obra, para diminuír a pegada de carbono.

Baremo:

Entre 0 e X km. XX puntos

Entre X e Y km. XX punto

Considerarase o punto XX (indicar coordenadas edificación ou punto quilométrico da estrada) como lugar de localización da obra para os efectos de cálculo do baremo anterior.

### **2.2.5. Establecemento de medidas para paliar a pegada de carbono**

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto na Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, valorarase con XX puntos o compromiso do adxudicatario de implantar actuacións de repoboación forestal con especies autóctonas, como medida compensatoria para paliar a pegada de carbono, nas seguintes proporcións ou cantidades mínimas:

XX

### **2.2.6 Disponibilidade de planta de fabricación de mestura bituminosa en quente a menos de 100 km**

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

Asignarase a máxima puntuación, XX puntos, ao licitador que presente, na data de presentación da oferta, un compromiso de aceptación dun xestor de residuos autorizado

que dispoña dunha planta de fabricación con sistema de incorporación de material fresado de ata un 15 % ou máis cando a obra así o requira, e cunha capacidade de produción superior a 150 tn/ h, para a elaboración de mesturas bituminosas con achega de áridos procedentes de fresado, que estea situada a menos de 100 km do punto máis próximo á obra (Isto é, as coordenadas UTM da planta e a do punto quilométrico da obra que se ache máis próximo á mesma deben distar menos de 100 km en liña recta. No caso de afectar a obra a varias estradas, considerarase a máis próxima de todas á planta) Asignaranse 0 puntos á oferta que non se comprometa ao establecido no punto anterior.

### **2.3. CRITERIOS SOCIAIS E DE IMPULSO DEMOGRÁFICO**

#### **2.3.1. Volume da man de obra que se utilizará na execución do contrato**

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

Atribuirase ata un total de XX puntos en función da man de obra contratada e a contratar.

Tomarase en consideración para valorar as ofertas o volume da man de obra que se utilizará na execución do contrato, incluíndo tanto a contratada como a contratar, pero só puntuará o persoal contratado a xornada completa. Outorgarase a máxima puntuación (XX puntos) á empresa que destine maior número de persoas á execución do contrato e o resto distribuirao proporcionalmente conforme a seguinte fórmula:

*ML*

$PL = \frac{ML}{MM} \times X$  (*puntuación máxima*)

*MM*

Sendo: PL= puntuación outorgada ao licitador, ML= número de persoas que oferta o licitador, MM= maior número de persoas presentada de todas as ofertas.

En todo caso, o persoal declarado como destinado á execución do contrato deberá gardar a debida coherencia co plan de traballo presentado. Esta circunstancia poderá ser comprobada pola Administración en calquera momento durante a execución do contrato, requirindo para iso a documentación que considere conveniente. A man de obra deberá ser mantida durante todo o prazo de execución da obra, que está establecida nestes pregos e no proxecto, sen que se poida reducir o mesmo.

#### **2.3.2. Criterios en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade**

Valorarase ata un máximo de XX puntos.

Valoraranse a inclusión de criterios referidos ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral e corresponsabilidade que se apliquen na execución do contrato.

Flexibilidade horaria..... ata x puntos

Valorarase a porcentaxe de xornada laboral en cómputo semanal, susceptible de flexibilización, entre 0 e X puntos, (como máximo 50 %) segundo a fórmula e os seguintes criterios:

Outorgaranse x puntos á empresa que ofrezca o porcentaxe de 50 % de xornada laboral en cómputo semanal susceptible de flexibilización e valoraranse as demais ofertas proporcionalmente da seguinte maneira, outorgando 0 puntos ás empresas que non oferten porcentaxe ningunha, tendo en conta que os valores numéricos se redondearán ao segundo decimal:

$$Vi = x \cdot Oi/Om$$

Onde:

Vi = Puntuación da oferta presentada

Om = Mellor oferta presentada (50 %)

Oi = Oferta presentada

.Posibilidade de reducir a xornada laboral, de conformidade co disposto no artigo 37 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.....ata x puntos.

### 3. CADRO DE PARTICULARIDADES

#### 3.1. PARTICULARIDADES EN EDIFICACIÓN EN CENTROS EDUCATIVOS

<b>Tipoloxía de obra: edificación en centros educativos</b>	
<b>Cláusula</b>	<b>Particularidade</b>
1.1.1. Memoria descriptiva do proceso de execución	<p>Nas obras en centros educativos existentes avaliaranse os condicionantes de acceso á obra e circulación tendo en conta a compatibilidade coa actividade docente.</p> <p>Nas obras en centros educativos existentes, na metodoloxía de execución terase en conta a compatibilidade coa actividade docente.</p>
1.1.2. Programa de construción das obras	Nas obras en centros educativos existentes, avaliaranse as actividades que deban realizarse fora de períodos lectivos (por exemplo, actividades de desamiantado e outras que xeren riscos) para os efectos da súa planificación.
1.1.5. Mantemento preventivo e correctivo do edificio	O plan de mantemento adaptarase ás peculiaridades do uso docente, procurando causar as mínimas interferencias no desenvolvemento da actividade lectiva.
1.3.2. Adaptación do estudo de seguridade e saúde do proxecto	Nas melloras propostas en obras en centros educativos existentes teranse en conta as circunstancias particulares do uso educativo.

### 3.2. PARTICULARIDADES EN EDIFICACIÓN EN CENTROS DE SERVIZOS SOCIAIS

<b>Tipoloxía de obra: edificación en centros de servizos sociais</b>	
<b>Cláusula</b>	<b>Particularidade</b>
1.1.1. Memoria descritiva do proceso de execución	Nas obras en centros de servizos sociais existentes avaliaranse os condicionantes de acceso á obra e circulación tendo en conta a compatibilidade coa actividade propia do centro.
1.1.2. Programa de construción das obras	Nas obras en centros de servizos sociais existentes, avaliarase a planificación das actividades que xeren riscos ou con medidas de seguridade e saúde específicas, en períodos adaptados á ocupación dos centros.
1.1.5. Mantemento preventivo e correctivo do edificio	O plan de mantemento adaptarase ás peculiaridades da prestación dos servizos sociais, procurando causar as mínimas interferencias no desenvolvemento da actividade propia do centro.
1.3.2. Adaptación do estudo de seguridade e saúde do proxecto	Nas melloras propostas en obras en centros de servizos sociais existentes teranse en conta as circunstancias particulares derivadas do uso propio do centro.
1.1.2. Programa de construción das obras:	Nas obras en centros de servizos sociais existentes, avaliarase a planificación das actividades que xeren riscos ou con medidas de seguridade e saúde específicas, en períodos adaptados á ocupación dos centros.

### 3.3. PARTICULARIDADES EN OBRAS EN BENS CULTURAI

Tipoloxía de obra: obras en bens culturais	
Cláusula	Particularidade
1.1.1. Memoria descriptiva do proceso de execución:	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecemento dos procesos específicos de restauración e técnicas tradicionais. O licitador achegará unha análise dos procesos e técnicas específicas de execución de restauración de bens culturais. Valoraranse o coñecemento dos métodos ou alternativas escollidas, a metodoloxía concreta das técnicas tradicionais ou procedementos específicos ou de restauración que se propoñen, materiais - prescritos ou non no proxecto- que o licitador aplicará durante a execución das obras.</li> </ul> <p>Terase en conta que os procesos e técnicas tradicionais que propón executar o licitador se realicen con oficios tradicionais específicos, adecuados á natureza deses traballos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Coñecemento do ben obxecto da intervención e do proxecto. En base a proposta técnica presentada, valoraranse o coñecemento do ben e das características e condicións concretas da súa conservación, así como o coñecemento polo miúdo das intervencións deseñadas no proxecto e a súa relación coas condicións de conservación e outros parámetros que poidan ser obxecto de valoración.</li> <li>• Medios específicos e particulares de protección. Valoraranse os seguintes medios particulares de protección en función da xustificación da súa necesidade en relación aos bens afectados: medios de protección de elementos mobles, retablos, pavimentos históricos ou análogos que poidan sufrir danos pola execución dos traballos; medios de protección fronte á intemperie e/ou outros axentes naturais; e medios de valado e protección que permitan organizar o funcionamento normal do ben obxecto da intervención e o seu contorno.</li> </ul>